



POR
Ramón Rozas

No centenario de María Antonia Dans

Cando se cumpren cen anos do seu nacemento, a pintura de María Antonia Dans reivindica o seu papel dentro da plástica galega dende unha proposta singular, que fixo da muller e da súa posta en valor, xunto á paisaxe galega, os dous potentes fíos cos que tecer un proxecto de vida.

MARCHOU a Madrid para tentar facerse un nome dentro da pintura. E conseguiu. Esta decisión amosaba o carácter de María Antonia Dans (Oza dos Ríos, 1922-Madrid, 1988) e a súa personalidade de artista, de querer triunfar coa súa pintura dentro dun ambiente esmagadoramente masculino. «Si no fuera mujer, mis cuadros se pagarían el doble», afirmou, sendo consciente da distancia que había entre os dous xéneros á hora de tentar facer unha carreira creativa na sociedade do franquismo.

Co gallo do centenario do seu nacemento, diferentes iniciativas están a xirar arredor da súa figura, sobre todo, na recuperación e posta en valor dunha pintura marcada por unha forte singularidade e que, caracterizada dunha faciana de sinxeleza ou mesmo inxenuidade, contén no seu interior unha afouta carga reivindicativa, tanto do papel da muller na sociedade, como da paisaxe, como activo dunha memoria que, pese a pasar moitos anos lonxe da súa terra natal, sempre foi a súa proposta fundamental á hora de componse uns cadros que tiñan na cor a súa compoñente formal máis salientable, como contraposición de manchas que xeraban un efecto emocional no espectador.

Dentro deste ano de conmemoracións o pasado agosto coñeceu a boa nova da rehabilitación e musealización por parte da Xunta da súa casa de Curtis coma canle fundamental para atoparse con ela e coa súa obra, e poucas decisións máis atinadas para pensar e repensar unha obra que tivo sempre nesa vivenda unha clara anclaxe co territorio, que pasaba no seu interior dos apuntamentos en diferentes cadernos á su-

perficie do lenzo. Arredor desa vivenda María Antonia Dans deuse conta do importante valor da muller dentro da sociedade rural. Mulleres que ían aos mercados vender os produtos da casa, mulleres que coidaban a súa familia, mulleres que suxeitaban toda unha identidade no ámbito do campo sen agardar nada a cambio. Esas mulleres serán as que centren as súas preocupacións á hora da representación. Mulleres protagonistas dos seus cadros, colocadas de xeito hierático, como auténticos tótems que sinalaban o seu protagonismo nunhas escenas con moito de realidade. Dende as fiestras desa vivenda tamén María Antonia Dans acumulou diferentes visións da paisaxe, casas illadas nun territorio de ondeantes verdes, de terreos cercados na súa superficie, de planos que se sucedían cara un horizonte infindo, nun enfrontamento entre o ceo e a terra.

Ben pronto soubo a nosa protagonista das súas virtudes creativas e das súas arelas por progresar nese ámbito. Unha recente xornada celebrada no Consello da Cultura Galega baixo a coordinación da que tamén foi ponente, Rosario Sarmiento, puxo en valor este dato polo que ten de claridade de aposta polo futuro, pola decisión de tomar clases de pintura na Coruña da man de Lolita Díaz Balino —outro nome a reivindicar—, proponendo así un itinerario de moder-

nidade que se reforzaría co coñecemento e as experiencias do acontecer madrileño, como as paisaxes de Benjamín Palencia e a Escola de Vallecas, adentrándose tamén en campos como o muralismo ou o deseño, tamén na ilustración de libros infantís. Chanzo a chanzo María Antonia Dans acadaba ese obxectivo de recoñecemento da súa pintura. A súa sociabilidade, o participar dos famosos faladoiros madrileños de mediados do século XX, foron facendo daquela galega un nome fundamental na paisaxe cultura española dese tempo. Paisaxes nas que ela mesma afondaba, máis que ollando cara a realidade, ollando cara o seu interior, cara esa memoria que se converteu en xermolo de boa parte da súa obra, e a que lle permitía trasladar aquelas visións de Galicia a uns lenzos cunha pátina cun punto máxico e irreal, o que contribuíu a unha importante, e aínda non de todo valorada, renovación da paisaxe galega dende esa ensoñación do representando e cunhas cores que estouraban no interior do cadro falando máis que dunha realidade dun sentimento que formou parte sempre de María Antonia Dans, unha muller comprometida coas mulleres e coa emoción que xorde dunha terra que agora volve mirar cara a ela na procura de desvear moitos dos seus segredos.



TELESHAKESPEARE

Jorge Carrión

Editorial G. Gutenberg
Páxinas 296 Precio 21,50 €



Las series han protagonizado el que quizá sea el fenómeno cultural más importante del siglo XXI. No sólo por su calidad na-

rrativa, sino también por su capacidad para involucrar emocionalmente a grandes audiencias globales. 'Los Soprano', 'The Wire', 'Lost', 'Mad Men', 'Breaking Bad', 'Juego de tronos', 'Stranger Things', 'Black Mirror' o 'Euphoria' son, además, obras fundamentales para entender la sociedad, la geopolítica o las industrias creativas de nuestra época. Son sólo diez de las cerca de doscientas series que analiza el crítico cultural Jorge Carrión en este libro. Al ensayo publicado por primera vez en 2011, que se convirtió enseguida en un título de referencia sobre la tercera edad de oro de la televisión, le ha añadido

cien nuevas páginas en esta edición actualizada, ampliada y definitiva, que se puede leer como una lectura de conjunto de la ficción televisiva y como una guía para orientarse en ese fascinante universo. Jorge Carrión es doctor en Humanidades por la Universidad Pompeu Fabra de Barcelona, en cuyo Instituto de Educación Continua imparte clases de máster en creación literaria, teoría del viaje y periodismo cultural. Escribe regularmente en Cultura/s de La Vanguardia y en otros suplementos y revistas de España y América Latina. Es también autor de libros de viaje, como 'La brújula' o 'Australia, un viaje'. R.L.

EL GRAN VIAJE

Adolfo García Ortega

Editorial G. Gutenberg
Páxinas 344 Precio 22,50 €



Un hombre obsesionado por la invisibilidad realiza, a comienzos del siglo XXI, el mismo viaje en barco que hicieron sus abuelos a

mediados del siglo pasado en su viaje de novios. En la Patagonia conocieron a una mujer singular, Graciela Pavic, cuya misteriosa historia encierra un doloroso secreto. Pero el origen de su historia se remonta a la gran aventura de otro viaje, no menos misterioso, habido en el siglo XVI y destinado a cumplir un plan secreto de Felipe II en aquel territorio. Narrada como una 'Mil y una noches' moderna, esta novela abarca un periplo de quinientos años. En ella, los viajes que se encadenan son, en realidad, un único y 'gran viaje' hacia otro lugar y otro tiempo. Y también hacia la fábula. El miedo,

el azar, el encuentro con el destino, los ingredientes inquietantes de lo desconocido, aparecen en esta novela heredera del mejor estilo de Conrad, de Stevenson o de Umberto Eco, donde una vuelta de tuerca narrativa lleva al lector al maravilloso final de este libro extraordinario. 'El gran viaje', novela que relaciona en una misma aventura las historias surgidas de la fabulación de su protagonista, narrador compulsivo, tuvo una versión precedente y distinta en el año 2006 bajo el título de 'Autómata'. Esta versión renovada supone un paso más en la trayectoria de Adolfo García Ortega.

POR R.L.